*O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en toda as súas cláusulas, e, como proba de conformidade, asínase por duplicado no lugar e data arriba indicados.*

**13(821).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á FUNCIONARIA DONA CARMEN CHAPELA MENO. EXPTE. 19476/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto el informe de fiscalización do 10.05.10, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 23.03.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro de xestión municipal, que di o seguinte:

*Tal e como se recolle no informe do tesoureiro municipal de data 24 de setembro de 2009, o Negociado de Nóminas da Tesourería (unidade 542 Negociado Nóminas) conta coa dotación de tres funcionarios municipais, unha xefa de negociado de nóminas correspondente ó grupo C1 desempeñado pola funcionaria municipal D<sup>a</sup> Teresa González Carrasco, e dous auxiliares administrativos correspondentes ós grupos C2 desenvolvidos polos funcionarios municipais D<sup>a</sup> María del Carmen Álvarez Prieto e D. Antonio Bernárdez de Dios, excedente dende o ano 2003. En maio de 2008 adscribiuse a dito negociado á funcionaria municipal D<sup>a</sup> Carmen Chapela Meno*

*A funcionaria D<sup>a</sup> María del Carmen Álvarez Prieto atopouse en situación de baixa laboral por incapacidade temporal dende o 9 de febreiro ao 23 de setembro de 2009.*

*Dende o 17 de febreiro de 2009 e ata o 8 de maio de 2009, D<sup>a</sup> Teresa González Carrasco, xefa do negociado, atopouse en situación de baixa laboral por incapacidade temporal. Dende o 14 de xullo de 2009 e ata o 19 de agosto de 2009, a antedita funcionaria estivo ausente polo uso do seu período de vacacións.*

*En consecuencia, en ditos intervalos temporais, D<sup>a</sup> Carmen Chapela Meno foi a única persoa adscrita efectivamente ó negociado de nóminas, responsabilizándose, a maiores das súas tarefas habituais, do correcto funcionamento de dito negociado, coordinando adecuadamente o traballo desenvolvido coas oficinas de persoal, tesourería e informática, tarefas propias da xefatura de negociado, e desenvolvendo o traballo a plena satisfacción, o que indubidablemente supúxolle unha maior responsabilidade e unha actividade extraordinaria e especial rendemento e dedicación, xustificadamente motivadores para a asignación e aboamento dun complemento de produtividade.*

*Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Emprego Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento legislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derrogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no artigo 28 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2010, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.*

*En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.*

*Nas vixentes instrucións de cadro de persoal recóllese que :*

*“A Xunta de Goberno establecera no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:*

*O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:*

- Aumento de volume de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns conxunturais debidamente xustificadas*
- Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal e formalmente encomendadas polo órgano competente*
- Rendemento extraordinario e correcto desempeño do traballador no desempeño das actividades , cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito*
- Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscrición ,no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional, dispoñibilidade, do traballo e deberá contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente”*

*No caso da petición de D<sup>a</sup> Carmen Chapela Meno (Doc 90123829) reúnen as circunstancias recollidas no apartado 1<sup>o</sup>- en tanto si existiu un aumento de volume de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado polas baixas por IT e vacacións do persoal adscrito ao negociado-, 3<sup>o</sup> - si se deu un rendemento extraordinario e correcto desempeño do traballador no desempeño das actividades , cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito- e 4<sup>o</sup> citados, aínda que non exista constancia documental de que a situación reflectida anteriormente en canto ás ausencias por IT ou vacacións do persoal do negociado deran lugar a realización de tempo de traballo fóra da súa xornada habitual de traballo*

*Nas instrucións de cadro de persoal indícase así mesmo que:*

*“A contía en computo total anual, en ningún caso excederá do 10% das retribucións complementarias do posto ao que esta adscrito.”*

*Tendo en conta que o posto 105 Administrativo configúrase con complemento de destino 19 – Importe mensual 437.89 €- e complemento específico 316 –677.83 €/mes) e que a funcionaria D<sup>a</sup> Carmen Chapela foi o único persoal que estivo a desenvolver as funcións encomendadas ao negociado de Nóminas da Tesourería da Seguridade Social ao longo de 4 meses, e o recollido no art. 23 da Lei 30/84 en relación coa Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007 de 12 de abril, o art. 28 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2010, así como o art. 5 do R.D. 861/86 definen a produtividade como unha retribución complementaria non fixa nin periódica, establecida en función do especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario/a desenvolva o seu traballo, esixindo que a súa valoración se faga desde ditos parámetros obxectivos e atendendo tamén ós resultados ou obxectivos perseguidos polos correspondentes programas, sen que en ningún caso as cantidades percibidas polo dito concepto en relación cun período determinado, orixinen dereitos individuais*

respecto de eventuais valoracións o apreciacións para períodos sucesivos, considérase axeitado o aboamento dun complemento de produtividade a funcionaria D<sup>a</sup> M del Carmen Chapela Meno, adscrita a Tesourería Municipal, con nº de persoal 21806 e DNI 36046251, por importe de 1227,27 €.

En ningún caso as contías asinadas por dito complemento devengarán ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público tanto dos demais funcionarios como dos representantes sindicais.

Segundo as competencias que o artigo 127.1.h) da lei 7/85, Reguladora das bases de réxime local, introducido pola lei 57/2003, de 16 de decembro, lle atribúe á Xunta de goberno local (aprobación de retribucións do persoal de acordo cos orzamentos e demais cuestións de persoal non atribuídas a outros órganos), é competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación da asignación de produtividades en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente.

VII.- Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 121.0.1500000-“Produtividade” que pola Intervención Xeral se emita, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

“Outorgar á funcionaria municipal M del Carmen Chapela Meno, adscrita a Tesourería Municipal, con nº de persoal 21806 e DNI 36046251, un complemento de produtividade polo especial rendimento, a actividade e dedicación extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionaria desempeñou o seu traballo ao longo do ano 2009, nos termos do informe de satisfacción do traballo realizado e o resultado positivo obrante no expediente administrativo e que anteceden á precedente proposta; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 1227,27 € segundo as vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal do Concello de Vigo, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Produtividade”.

Déase traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente.

**14(822).- PRODUTIVIDADE POR SUBSTITUCIÓNS REALIZADAS COMO SARXENTO XEFE DE QUENDA NO ANO 2009 NO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 19629/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.05.10, e de acordo co informe-proposta da técnico da técnico de Xestión, do 8.04.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Proceder ao abonamento dun complemento de produtividade por un importe total de 12.439,87 €, desglosado como a continuación se indica aos seguintes cabos do Servizo de Extinción de Incendios:

NOME	N PERSOAL	N HORAS	N GARDAS	IMPORTE
ALONSO VILLAR JUSTO	20801	874	36 e 10 h.	1.485,71
FERNANDEZ CABALEIRO J LUIS	18508	456	19	775,15
FUENTES DOMINGUEZ JOAQUIN	78777	672	28	1.142,33
ILLAN LOMBAO, JUAN CARLOS	79341	792	33	1.346,32
LOPEZ LANDESA FELIX	14090	268	11 e 4 h.	455,57
LOPEZ RIOCABO JESUS	20853	1128	47	1.917,49
MONTES IGLESIAS EDELMIRO	10777	312	13	530,37
RODRIGUEZ LAGO CARLOS	20669	436	18 e 4 h.	741,16
SOAGE BERMUDEZ HECTOR	77168	864	36	1.468,71
SOLVEIRA DE LA FUENTE, F	20913	384	16	652,76
VILLAR COMESAÑA JOSE A	21380	364	15 e 4 h.	618,76
VILLAVERDE VELEIRO J.B.	14700	800	32	1.305,52
			TOTAL	12.439,87

Pola actividade extraordinaria realizada como sarxentos, acreditadas segundo informe do xefe do servizo, e ao obxecto de dar efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentenza nº 177/2005, do 24 de maio, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 estimatoria parcial e declarativa do dereito dos funcionarios cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento nos termos e condicións da propia sentenza e nos autos de data 1/6/2006, 9/6/2006 e 27/6/2006, ditado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, dando cumprimento en consecuencia –e previo o preceptivo informe da Intervención Xeral- á extensión dos efectos da Sentenza nº 177/2005, e consecuentemente dispoñer o aboamento das cantidades antes indicadas, correspondente ás substitucións acreditadas polo recorrente que superen un mes no período dun ano, tal e como establece o fundamento xurídico 2º da citada resolución xudicial.”

2º.- Desestimar as peticións de D. Vicente Alonso Cobelo, D. Alfredo Cabaleiro Besada e D. Rafael Romero Iglesias xa que non procede abonamento ningún dado que o desenvolvemento dun posto de categoría superior, por ausencia do seu titular con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, non foi superior a un mes.

3.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso

contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**15(823).- ABONO DE DIFERENZAS DE CANTIDADES DEIXADAS DE PERCIBIR COMO CONSECUENCIA DO RECOÑECIMENTO DE INCAPACIDADE PERMANENTE TOTAL DERIVADA DE ACCIDENTE DE TRABALLO EN VIRTUDE SENTENZA 167/2009. EXPTE. 19808/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.05.10, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 13.04.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- *En data 10 de abril do 2008 o Xulgado do Social número 5 de Vigo ditou sentenza número 167/2008 recaída no procedemento 138/08 interposto por D. Antonio González Piñeiro, polo que se recoñece ao interesado a percepción da prestación legal correspondente sobre o 75% da base reguladora, como consecuencia da modificación da continxencia da súa incapacidade permanente total, fallando literalmente que:*

*“Estimando parcialmente la demanda que en materia de invalidez y determinación de contingencia ha sido interpuesta por D. Antonio González Piñeiro contra el Instituto Nacional de la Seguridad Social, la Tesorería General de la Seguridad Social, Mutua Fremap, y el Concello de Vigo, debo confirmar y confirmo la resolución del INSS por la que se declara al actor en situación de Incapacidad Permanente Total, si bien modificando la contingencia y declarando que ésta obedece a Accidente de Trabajo, reconociendo al actor al percibo de la prestación legal correspondiente sobre el 75% de la base reguladora que resulte conforme a la contingencia declarada, condenando a los demandados a estar y pasar por esta declaración y al abono de la prestación en el ámbito de su respectiva responsabilidad”*

2.- *Posteriormente polo interesado solicítase o abono das cantidades deixadas de percibir polo período comprendido entre o 19 de xullo de 2007 e o 10 de abril de 2008, consecuencia da modificación da continxencia.*

*Pola Xefatura do Servizo de Extinción de Incendios, remítese informe, en base ao cal as cantidades deixadas de percibir, serán as correspondentes a gratificación por servizos especiais e extraordinarios: 64,29 euros polo período comprendido entre o 19 e o 31 de xullo; 257,16 euros do mes de agosto de 2007; 257,16 euros do mes de setembro de 2007, e 137,15 correspondente ao período do 1 ao 16 de outubro de 2007, xa que con data 17 de outubro se dita Resolución do INSS recoñecéndolle a Incapacidade Permanente Total e causa baixa definitiva neste Concello.*

**FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I. *A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executar o xulgado residenciada con carácter*



exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por estes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Xulgado do Social número 5 de Vigo número 167/2008, recaída no procedemento 138/08.

IV. Polo que respecta ao pago das cantidades mencionadas, este Servizo considera que deberá efectuarse a partida orzamentaria 12101410000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais” con cargo á cal efectuar a imputación do gasto.

V. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal.

Consecuentemente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Estimar parcialmente a solicitude presentada por D. Antonio González Piñeiro, con DNI 76978467, procedendo como consecuencia da modificación da continxencia por sentenza do Xulgado do social nº 5, na que se declara que obedece a accidente de traballo, ao abono das cantidades deixadas de percibir por gratificación por servizos especiais e extraordinarios durante o período do 18 de xullo de 2007 data da baixa ata 17 de outubro de 2007 na que se dita resolución do

INSS e causa baixa neste Concello, por importe 715,76 €, que serán imputados á partida orzamentaria 12101410000 “Indemnizacións por sentenzas xudiciais”.

SEGUNDO.- Desestimar o abono da festividade e nocturnidade, xa que é a partir do 1 de decembro de 2007 en cumprimento do acordo da xunta de goberno de data 15 de setembro de 2008, que en virtude da aplicación do art. 23 do Acordo Regulador das Condicións Económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo se aplica o aboamento do 100% dos recargos por dito concepto en caso de accidente laboral.

TERCEIRO.- Dar conta do presente ao interesado, a Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos aos efectos que procedan.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(824).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓNS DE DONA MARTA ALONSO POSADA, M<sup>a</sup> JOSÉ FERNÁNDEZ ARIAS E M<sup>a</sup> JOSÉ MARTÍNEZ AREA. EXPTE. 19814/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.05.10, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 21.04.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal estean adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares.*

1. Encomenda provisional de funcións a D<sup>a</sup> Marta Alonso Posada, con nº de persoal 79396 e DNI 36138135Y

En escrito de data 14 de maio de 2008 o xefe de Participación Cidadá, co conforme do concelleiro delegado de Promoción Económica, emprego e Participación Cidadá solicita que se lle encomenden provisionalmente á funcionaria D<sup>a</sup> Marta Alonso Posada, administrativa de admón xeral, as funcións correspondentes ao posto de técnico de xestión, vacante no Servizo de Participación Cidadá. Fundamentase a petición na situación do servizo en canto a persoal xa que ademais do posto de técnico de xestión mencionado figura vacante un posto de auxiliar administrativo, ao que hai que engadir a situación de baixas prolongadas da funcionaria con posto de administrativa adscrita a dito servizo.

Por resolución de data 2 de xullo de 2008, o concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar, as funcións correspondentes ao posto vacante de Técnico de Xestión no Servizo de Participación Cidadá á funcionaria D<sup>a</sup> Marta Alonso Posada, administrativa de admón. Xeral do Concello de Vigo, adscrita ao servizo de Participación Cidadá e con nº de persoal 79396

A devandita encomenda ten carácter provisional ata a cobertura do posto de técnico de xestión vacante neste momento, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de administrativo de admón. xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.

Da Resolución do concelleiro delegado de Xestión Municipal deuse conta á Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 14 de xullo de 2008.

En data 14 de abril de 2010 recíbese neste Servizo proposta de aboamento de produtividade a Doña Marta Alonso Posada, con numero de persoal 79396 e posto de administrativa de admon. xeral pola realización das funcións encomendadas correspondentes ao posto de técnico de xestión do Servizo de atención cidadá polo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010.

Así mesmo relaciónanse as funcións levadas a cabo pola funcionaria dentro da encomenda de funcións de técnico de xestión no Servizo de Participación Cidadá e que son:

- Elaboración de bases das convocatorias de subvencións.
- Elaboración de convenios de colaboración con asociacións e sindicatos.
- Coordinar e supervisa-las funcións do persoal auxiliar do seu servizo.
- Informar e colaborar na xestión económica dos programas do servizo.
- Elaborar propostas sobre planificación e programación das actuacións propias do servizo e previsión de necesidades.
- Estudio e propostas de vías de financiamento dos programas do servizo.
- Xestión, análise e proposta de resolución das convocatorias de subvencións do servizo.
- En xeral todas as necesarias para un correcto funcionamento do servizo de Atención Cidadá.

2. Encomenda provisonal de funcions a D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Fernández Arias, nº de persoal 79391 e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Martínez Area, nº de persoal 21953,

*Con data 24 de abril de 2009, a Directora de Ingresos co conforme da Sra. Concelleira-delegada da Economía e Facenda, remite expte. 1018/500/09, ao Servizo de Recursos Humanos, onde pon de manifesto unha serie de circunstancias como consecuencia de cambios na estrutura organizativa dos servizos que dependen da Dirección de Ingresos de forma que a futura estrutura responda a novas formas de traballo derivadas da implantación da Administración Electrónica, xunto con novas fórmulas de relación e comunicación cos cidadáns contribuíntes.*

*Por isto dadas as necesidades do servizo propónse a encomenda de funcións propias das funcionarias encadrada no subgrupo C1 as funcionarias D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Fernández Arias, n<sup>o</sup> de persoal 79391, e de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Martínez Area, n<sup>o</sup> de persoal 21953, administrativas de administración xeral, adscritas á área de Dirección de Ingresos, aos postos de xefatura de negociado vacantes en dita área.*

*Por continuar as causas que motivaron a Resolución de data de 25 de setembro de 2009, solicítase por parte da Dirección de Ingresos a prórroga de encomenda de funcións a D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Fernández Arias, con NP 79391, administrativa da Administración Xeral ao posto de traballo de Xefatura de Negociado de Xestión Catastral e a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Martínez Area con NP 21953, ao posto de traballo de Xefatura de Negociado do Imposto sobre Incremento do valor dos terreos de natureza urbana.*

*En data 8 de febreiro de 2010, o concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu:*

*“Primeiro.- Encomendar provisionalmente a D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Fernández Arias, n<sup>o</sup> de persoal 79391, administrativa de administración xeral, adscrita á área de Dirección de Ingresos no Servizo cod. 503-Xestión Catastral Delegada, funcións da Xefatura de Negociado existentes no servizo, posto que figura vacante na vixente relación de postos de traballo, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.*

*Segundo.- Encomendar provisionalmente a D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Martínez Area, n<sup>o</sup> de persoal 21953, administrativa de administración xeral, adscrita á área de Dirección de Ingresos no Servizo cod. 510-Administración de Tributos, funcións da Xefatura de Negociado do Imposto sobre Incremento do valor dos terreos de natureza urbana. posto que figura vacante como consecuencia do traslado da titular do posto, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.*

*Da devandita Resolución deuse conta á Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de febreiro de 2010.*

*En informe de data 12 de abril de 2010, a Directora de Ingresos informa que ambas funcionarias realizaron satisfactoriamente dende o seu nomeamento as funcións que lle foron asignadas, relacionadas coa funcións de tramitacións do Concello en materia catastral no caso de D<sup>a</sup> Ana María Fernández Arias (tramitación administrativa de documentos 901N, 902N, 903N e 904N, propostas de resolución, notificación de actos administrativos, asistencia e información a titulares catastrais, seguimento e control do desenvolvemento do Servizo de Puntos de Información Catastral (PICs), a validación dos ficheiros VARPAD, FIN e FXCC, corrección de erros, reenvío para validación definitiva sen intervención ningunha do Servizo de Administración Electrónica do Concello, a resolución de incidencias, traslado de informes con incidencias electrónicas á Dirección de Ingresos e a xestión compartida e/ou colaboración a nivel de Xefatura de Servizo de*

Coordinación de Procesos Catastrais da Xerencia Territorial do Catastro de Vigo) e no caso de D<sup>a</sup> M José Martínez Area, realizando funcións de supervisión e control do desenvolvemento da xestión electrónica do imposto de PlusValía, desenvolvemento da xestión do imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras así como coordinación cos servizos correspondentes da Xerencia Municipal de Urbanismo no que atinxe a este imposto.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento legislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derrogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no o art. 28 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2010, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

As vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos para o exercicio 2009 , aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 21 de xaneiro de 2009 (BOP nº 53, do 18 de marzo de 2009) recollen expresamente unha detallada regulación do complemento de produtividade e dos requisitos para a súa percepción (Instrución Terceira, parágrafo sexto):

“En todo caso, retribuirase:

a) A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado.

Para a súa tramitación será imprescindible proposta do Xefe do Servizo, conformada polo Concelleiro/a Delegado/a da Área. O Xefe do Servizo deberá dar conta á Unidade de Persoal da finalización da acumulación no mesmo día na que se produza, remitindo a Unidade de Persoal informe no que se faga constar as tarefas desempeñadas correspondentes ao posto acumulado, así como a avaliación do desempeño das tarefas acumuladas.

En ningún caso poderase acumularse postos de inferior categoría.”

*A produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados.*

*Na actualidade non existe no Concello mecanismo algún que permita efectuar unha avaliación do rendemento dos empregados públicos municipais –mecanismo a todas luces recomendable e case imprescindible aos efectos de que os devengos retributivos en concepto de produtividade se asignen consonte a criterios obxectivos. Lémbrese que a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, atópase na actualidade pendente de desenvolvemento normativo, tanto por parte do lexislador estatal como polas Comunidades Autónomas no seu marco competencial constitucionalmente asignado, polo que tampouco están definidos criterios legais que sirvan de orientación a estes efectos e que permitan a aprobación de mecanismos ou sistemas acordes coa vontade do lexislados e que sexan homoxéneos para a totalidade das Administracións Públicas.*

- *Segundo os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos, a funcionaria D<sup>a</sup> Marta Alonso Posada non usou as vacacións nin estivo de baixa por Incapacidade Temporal (enfermidade común), no período comprendido entre 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010. O complemento de destino do posto código 179 “Técnico de Xestión” supón un importe mensual de 652.07€ no ano 2010, polo que correspondería o aboamento en concepto de produtividade á funcionaria D<sup>a</sup> Marta Alonso Posada, n<sup>o</sup> de persoal 79396, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010 a cantidade de 1956,21€.*
- *Con respecto a D<sup>a</sup> M José Martínez Área non disfrutou de vacacións nin estivo de baixa por Incapacidade Temporal (enfermidade común), no período comprendido entre 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010. O Complemento de destino do posto de Xefe de Negociado descríbese na vixente RPT cun Complemento de Destino 22 (Importe mensual 536,67 €/mes no ano 2010), correspondería aboar a cantidade de 930,22 €, polo período comprendido entre o 8 de febreiro ao 31 de marzo de 2010.*
- *No caso de D<sup>a</sup> Ana M Fernández Arias non disfrutou de vacacións nin estivo de baixa por Incapacidade Temporal (enfermidade común), no período comprendido entre 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010. O Complemento de destino do posto de Xefe de Negociado descríbese na vixente RPT cun Complemento de Destino 22 (Importe mensual 536,67 €/mes no ano 2010), correspondería aboar a cantidade de 930,22 €, polo período comprendido entre o 8 de febreiro ao 31 de marzo de 2010*

*Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 121.0.1500000-“Produtividade” con cargo ao RC 15510, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ELÉVASE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A SEGUINTE PROPOSTA:*

1. *“Outorgar á funcionaria municipal D<sup>a</sup> Marta Alonso Posada, con n<sup>o</sup> de persoal 79396, Administrativa adscrita ao Servizo de Participación Cidadá, un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas segundo resolucións de data 2 de xullo de 2008, no período comprendido dende o 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2010; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 1956,21€. conforme as vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal do Concello de Vigo, con cargo á partida orzamentaria 121.0.1500000 “Produtividade”.*

2. Outorgar a funcionaria D<sup>a</sup> Ana M Fernández Arias, con n de persoal 79391, administrativa adscrita a Dirección de Ingresos, un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas segundo resolución de data 8 de febreiro de 2010, polo período comprendido entre o 9 de febreiro ao 31 de marzo de 2010 , a cantidade de 930.22 €.
3. Outorgar a funcionaria D<sup>a</sup> M José Martínez Área , con n de persoal 21953, administrativa adscrita a Dirección de Ingresos, un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas segundo resolución de data 8 de febreiro de 2010, polo período comprendido entre o 9 de febreiro ao 31 de marzo de 2010 , a cantidade de 930.22 €.

*Déase traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días para público coñecemento.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **17(825).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE SEIS AUXILIARES ADMINISTRATIVOS. EXPTE. 19848/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 10.05.10, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 8.05.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia para proceder ó nomeamento de seis funcionarios/as interinas por acumulación de tarefas, como auxiliares administrativos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos Servizos de Educación, Alcaldía, Tenencia da Alcaldía e Benestar Social, contidas nos escritos de datas 26 de marzo, 29 de abril e, 3 de maio de 2010.

2º.- Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral por un periodo máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. MARIOLA NIETO RODRÍGUEZ, DNI 36.120.418-E, D. RAUL VILA RODRÍGUEZ, DNI 53.183.361-R, D<sup>a</sup>. RAQUEL PORTELA TEJERO, DNI 36.094.388-M, D<sup>a</sup>. LAURA CAMPOS RIVAS, DNI 76.996.573-W, D<sup>a</sup>. MIRIAM FRÍAS CLEMENTE, DNI 52.871.030-X e, D<sup>a</sup>. NOA PÉREZ LORENZO, DNI 36.137.641-H, seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios do

último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 66.451,98€, con cargo á partida orzamentaria 922.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Cuarto.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.

**18(826).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 11.3.2010 DE ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCIONS A DON FRANCISCO JAVIER GUTIÉRREZ ORÚE. EXPTE. 19855/220.**

Dáse conta da referida resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

“Considerando as necesidades organizativas que se demandan polo concelleiro-delegado da Área de Promoción Económica, Participación Cidadá e Emprego en escritos de data 15/02/2010, e atendendo ás circunstancias de que a Xefatura do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego atópase vacante e a situación de incapacidade temporal da técnica superior de actividades culturais e educativas dende o mes de setembro de 2009, resulta imprescindible que con carácter provisional se proceda a contar cun funcionario/a municipal que transitoriamente desenvolva as funcións de responsable dos devanditos servizo.

*Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

**R E S O L V O**

“Primeiro.- Encomendar provisional e transitoriamente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Desenvolvemento



*Local e Emprego, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito (xefe do Servizo de Participación Cidadá) así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo concelleiro delegado da Área, relacionadas cos servizos adscritos á mesma.*

*Segundo.- Dispoñer a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cobertura, mediante algún dos mecanismos legalmente previstos, do posto de xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, e en todo caso o 31 de decembro do 2010, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de cadro de persoal anexas á Relación de Postos de Traballo.*

*Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, déase traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e organización, así como ao Comité de Persoal.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **19(827).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 26.4.2010 DE ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCÍONS A DONA M<sup>a</sup> JOSEFA QUINTELA RODRÍGUEZ. EXPTE. 19856/220.**

Dáse conta da referida resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*En cumprimento da sentenza nº 125/2010, do tribunal superior de xustiza de Galicia, recaída no recurso de apelación nº 348/2009 e para garantir o correcto funcionamento do dispositivo de información, orientación e inserción socio-laboral para emigrantes extra comunitarios do Concello de Vigo, no relativo ás funcións de asesoramento que ten que realizar un/ha licenciado/a en dereito, proponse a tal obxecto a encomenda de funcións de licenciado en dereito con formación específica en materia de estranxeiría, propias dos funcionarios encadrado no subgrupo A1, á funcionaria D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Josefa Quintela Rodríguez, con nº de persoal 9320, técnica de servizos económicos adscrita ao Servizo de Benestar Social, a cal conta con titulación suficiente a tal efecto.*

*Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as*

*Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

#### RESOLVO

*“Primeiro.- Encomendar provisionalmente á funcionaria D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Josefa Quintela Rodríguez, con nº de persoal 9320, técnica de servizos económicos adscrita ao Servizo de Benestar Social, funcións de licenciado en dereito no dispositivo de información, orientación e inserción socio laboral para emigrantes extra comunitarios do Concello de Vigo, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura da Área.*

*Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende o 1 de maio de 2010, e en todo caso ata 31 de decembro do presente ano 2010, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de cadro de persoal anexas á Relación de Postos de Traballo.*

*Terceiro.- Da presente resolución dese traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Organización e Métodos, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**20(828).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 22.4.2010 DE ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCIÓNS A DON JOSÉ LUIS AMOEDO MOREIRA. EXPTE. 19857/220.**

Dáse conta da referida resolución do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*“Con data 1 de marzo de 2010, o xefe de área de Servizos Xerais e o Xefe do Parque Móbil co conforme da Sra. concelleira de Servizos Xerais e do Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, remiten a este Servizo de Recursos Humanos, solicitude de encomenda de funcións como Capataz do Parque Móbil para o xefe de equipo D. Jose Luís Amoedo Moreira.*

*Dita petición prodúcese como consecuencia da xubilación do Capataz do Servizo D. José Luis Gómez Álvarez, con efectos do día 27 de maio de 2009, e a posterior xubilación do xefe de equipo ao que se lle encomendaron ditas funcións por resolución de 8 de xuño de 2009, e na necesidade de que alguén leve a cabo as tarefas de coordinación do distinto persoal do servizo, en tanto non se cubra dita vacante polo procedemento que corresponda, tendo en conta que para o desenvolvemento do posto de capataz, encadrado no subgrupo C2, esíxese a mesma titulación que a que posúe o xefe de equipo proposto encadrado no mesmo subgrupo de titulación.*

*Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións, así como o art. 81.3 que establece que en caso de urxente e inaprazable necesidade, os postos de traballo poderán proverse con carácter provisional debendo procederse a súa convocatoria pública dentro do prazo que sinalen as normas que sexan de aplicación.*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,*

#### **R E S O L V O**

*“Primeiro.- Encomendar provisionalmente a D. Jose Luís Amoedo Moreira, con nº de persoal 22467, oficial de oficios con posto de Xefe de Equipo, funcións de Capataz do Parque Móbil, posto que figura vacante na vixente relación de postos de traballo, como consecuencia da xubilación do seu titular con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.*

*Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende o 1 de maio de 2010 e ata que se proceda a súa cobertura definitiva, e en todo caso ata 31 de decembro do presente ano 2010, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de cadro de persoal anexas á Relación de Postos de Traballo.*

*Terceiro.- Da presente resolución déase traslado ao interesado, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura do Parque Central de Servizos, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **21(829).- DISOLUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA UA 4 SAMIL. EXPTE. 4967/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 28.04.10, asinado pola técnica de Admón. Xeral, que di o seguinte:

*Con data 15.06.1998, D. Américo Alonso Alonso e D. Benigno Pérez González en representación da comisión xestora formada por propietarios da U.A. 4 Samil, presentan no Rexistro da XMU para a súa tramitación o proxecto de estatutos e bases para a constitución e funcionamento da Xunta de Compensación da devandita unidade de actuación.*

*O Consello da XMU en sesión do día 16.04.1999, acordou aprobar definitivamente o proxecto de estatutos e bases de actuación para a constitución e funcionamento da Xunta de Compensación da U.A. 4 Samil (expte. 4094/401).*

*A escritura pública de constitución da Xunta de Compensación foi outorgada o día 04.06.1999 por D. José Fernández Aguiar e outros, perante o notario do Ilustre Colexio da Coruña, D. Mariano Vaqueiro Rumbao, ao número 1277 do seu protocolo.*

*En sesión de data 07.10.1999 o Consello da XMU acordou aprobar a escritura de constitución da Xunta de Compensación da U.A. 4 Samil, elevar dito acordo xunto con copia da escritura de constitución ao Sr. Delegado da CPTOPV para a súa inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras e indicar á Xunta de Compensación a obriga de instar do Sr. Rexistrador da Propiedade a práctica de nota á marxe da última inscrición de dominio das fincas correspondentes, a afección de todos os terreos abrangidos na unidade de actuación ao cumprimento das obrigas inherentes ao sistema de compensación, segundo resulta do disposto nos artigos 168 e 169 do RXU en relación co artigo 5 do RD 1093/1997, de 4 de xullo.*

*Con data 22.12.1999 o Delegado da CPTOPV resolve autorizar a inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da Xunta de Compensación da U.A. 4 Samil.*

*En desenvolvemento do referido ámbito o día 29.05.2000 o pleno municipal aprobou definitivamente o estudo de detalle da U.A. 4 Samil, na parroquia de Navia (expte. 4035/411), presentado por D. Américo Alonso Alonso e D. Benigno Pérez González, redactado polo arquitecto D. José Enrique López Santander, visado polo COAG en data 01.09.1997.*

O proxecto de compensación presentado pola referida entidade urbanística colaboradora, foi tramitado por esta Administración municipal baixo a referencia de expte. 4547/401, sen que acadase a aprobación definitiva.

Doutra parte, consta no expediente de aprobación do vixente PXOM, convenio urbanístico de planeamento asinado por propietarios do referido ámbito, actuando na súa condición de propietarios de terreos no polígono que se trata ademais de constituír a Xunta Directiva da Xunta de Compensación da U.A. 4 SAMIL do PXOU-93, en cuxa estipulación undécima asumen o compromiso de desistir do Proxecto de Compensación actualmente en tramitación (expte. 4547/401) no prazo máximo de un mes desde el completo perfeccionamento del presente convenio.

Mediante orde de aprobación definitiva e parcial de data 16.05.2008 da CPTOPT e definitiva de 13.07.2009 do conselleiro da CMATI, se aproba definitivamente o vixente PXOM, no que se delimita un área de reparto de solo urbano non consolidado cunha superficie de 38.900 m2 nomeado A-2-36 Samil a desenrolar polo sistema de compensación.

Con data 05.03.2010 ten entrada no Rexistro da XMU (doc. 100032127) escrito de D. José Manuel Pérez Canal actuando na súa calidade de Presidente da Xunta de Compensación da U.A. 4 Samil comunicando o acordo de disolución da referida Xunta de Compensación adoptado en Asamblea Xeral Extraordinaria de día 14.01.2010 e achegando copia da acta asinada polo secretario e polo presidente e da acta de presenza do día 14.01.2010 do notario D. José María Rueda Pérez, número 115 do seu protocolo.

O día 27.04.2010 se presenta no Rexistro xeral da XMU (doc. 100057724) a seguinte documentación:

- Solicitud de renuncia á tramitación e aprobación do proxecto de compensación presentado pola Xunta de Compensación da U.A. 4 Samil.
- Copia simple de escritura pública de disolución da referida Xunta de Compensación outorgada perante o Notario do Ilustre Colexio de Notarios de Galicia, D. José María Rueda Pérez o día 23.04.2010, co número 996 do seu protocolo.
- Certificado emitido o 22.04.2010 polo Secretario do órgano reitor da Xunta de Compensación da U.A. 4 Samil, co visto e prace do Presidente, do acordo de disolución adoptado na Asemblea celebrada pola devandita Xunta de Compensación o día 14.01.2010.

#### FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Efectos da aprobación definitiva do vixente PXOM sobre a U.A. 4 Samil prevista no PGOU-93. Función lexitimadora do planeamento:

O vixente PXOM aprobado definitivamente mediante ordes de aprobación definitiva e parcial de data 16.05.2008 da CPTOPT e definitiva de 13.07.2009 do conselleiro da CMATI, delimita un ámbito de solo urbano non consolidado cunha superficie de 38.900 m2 nomeado A-2-36 Samil a desenrolar polo sistema de compensación, baixo o criterio (segundo reflicte o convenio urbanístico formalizado o día 30.07.2008) de manter o desenvolvemento do ámbito nomeado no PGOU-93 como U.A.4 Samil, pero facendo posible o artellamento e conexión do sistema viario xeral que e fundamental nesa zona de xeito que se poidan resolver satisfactoriamente á execución dos elementos da rede viaria proxectada polo Plan que permita garantir a axeitada conexión cos sistemas xerais, ó

*mesmo tempo que eliminar as expropiacións ás que debería recorrer doutra forma o Concello a os particulares para obter os terreos afectados polo sistema xeral viario previsto.*

*Xa que logo, o vixente PXOM coa nova delimitación e ordenación aprobada deixa sen efecto as determinacións contidas no PGOU-93 respecto da U.A. 4 Samil.*

*Sendo a vocación última do planeamento urbanístico a de ver realizadas as súas determinacións e polo tanto a de operar a real transformación do territorio mediante os instrumentos que lle son propios, é requisito previo para o desenvolvemento da xestión urbanística a existencia do instrumento de planeamento que defina, segundo os casos, de forma detallada as actuacións previstas, facendo da xestión elemento inseparable da ordenación.*

*Do exposto, dedúcese que, sen prexuízo do compromiso expreso de desistir do proxecto de compensación (expte. 4547/401) que se reflicte no convenio urbanístico de planeamento formalizado o día 30.07.2008, certamente coa aprobación do PXOM 2008 desaparece o instrumento lexitimador de dito proxecto de compensación.*

*Non obstante, o día 27.04.2010 se achega (doc. 100057724) renuncia expresa á tramitación e aprobación do referido proxecto de compensación.*

## *II.- Disolución da Xunta de Compensación da U.A. 4 Samil prevista no PGOU-93:*

*Consonte o disposto no art.19.l) dos Estatutos da referida Xunta de Compensación (aprobados definitivamente polo Consello da XMU en sesión do día 16.04.1999) é facultade reservada á Asemblea Xeral acordar a súa disolución, establecendo o seu artigo 46.1.c): “La Junta de Compensación, se disolverá por alguna de las siguientes causas: (...) c)En forma voluntaria mediante propuesta al Ayuntamiento, por acuerdo del 80% de las cuotas de los miembros integrados en la Junta de Compensación, adoptado en Asamblea General convocada al efecto, sin perjuicio del cumplimiento por subrogación que expresamente se hará constar en el Acta de disolución de las obligaciones contraídas frente a terceros y frente a los propios asociados”. En dito suposto, a disolución deberá ser aprobada polo Concello, consonte o establecido no artigo 46.3 dos referidos Estatutos.*

*Consta no expediente certificado expedido polo Secretario da referida Xunta de Compensación o día 22.04.2010 co visto e praxe do Presidente, do acordo de disolución adoptado en Asemblea Xeral do día 21.04.2010 e así mesmo, consta escritura pública de disolución da mesma outorgada perante o Notario do Ilustre Colexio de Notarios de Galicia, D. José María Rueda Pérez o día 23.04.2010, co número 996 do seu protocolo.*

*Xa que logo, acordada validamente a disolución da entidade urbanística colaboradora, o Consello Reitor procederá á liquidación da mesma cumprindo as directrices e instrucións que ao efecto acorde a Asemblea Xeral (artigo 47 dos Estatutos aprobados polo Consello da XMU o día 16.04.1999).*

*Pola súa parte, o artigo 30.1 do RXU esixe, en todo caso, para a disolución da entidade urbanística colaboradora, acordo da administración urbanística actuante.*

*É competente a Xunta de Goberno Local para a adopción do acordo que se propón, en aplicación do disposto no artigo 154 e seguintes da LOUGA, na súa relación co artigo 30.1 do RXU e 127.1.d) da LRBRL.*

*Polo anterior, proponse a adopción do seguinte ACORDO,*

*PRIMEIRO.- Aprobar a disolución da Xunta de Compensación da U.A. 4 Samil, constituída en escritura pública outorgada o día 04.06.1999 por D. José Fernández Aguiar e outros ante o notario do Ilustre Colexio da Coruña, D. Mariano Vaqueiro Rumbao, ao número 1277 do seu protocolo e inscrita no Rexistro de Entidades Urbanísticas colaboradoras en virtude de resolución do 22.12.1999 do Delegado da CPTOPV.*

*SEGUNDO.- Estimar a solicitude de renuncia á tramitación e aprobación do proxecto de compensación presentado pola referida Xunta de Compensación da U.A. 4 Samil e ordear o seu arquivo.*

*TERCEIRO.- Remitir o presente acordo xunto coa escritura pública de disolución da referida Xunta de Compensación, outorgada perante o Notario do Ilustre Colexio de Notarios Galicia, D. José María Rueda Pérez o día 23.04.2010, co número 996 do seu protocolo, ao Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da CMAIT, a fin de que proceda á práctica da correspondente inscrición de disolución.*

*CUARTO.- Notificar o presente acordo aos interesados significándoselles que contra o mesmo poderán interpor, alternativamente, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, perante o mesmo órgano que a ditou, o ben, directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo; prazos que se contarán a partir do día seguinte ao da súa notificación.*

*Non obstante, o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(830).- INFORME SOBRE O GRAO DE CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DA ITE DO CONCELLO DE VIGO (2006-2009). EXPTE. 4216/428.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da arquitecta xefe da ITE, do 23.04.10, conformado polo delegado de Urbanismo e Vivenda, que di o seguinte:

#### **“ANTECEDENTES**

*I.1. A Ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións (ITE) do Excmo. Concello de Vigo foi aprobada definitivamente en sesión plenaria do 01.04.2005 (BOP nº 93, do 16.05.2005) e entrou en vigor o 01.01.2006 (Disposición final segunda), afectando, no período considerado (2006-2009), aos propietarios das edificacións construídas ata 1919, entre 1920 e 1939, entre 1940 e 1949 e entre 1950 e 1959, respectivamente (Disposición transitoria única).*

*I.2. A Resolución de delegacións da Alcaldía – Presidencia do 05.07.2007 encomendou ao titular da Área de Urbanismo e Vivenda, entre outras, a seguinte atribución: “Efectuar, en coordinación coa Xerencia Municipal de Urbanismo, o seguimento e control da normativa municipal referida á Inspección Técnica de Edificacións, elevando cada ano un informe ao Consello da Xerencia de Urbanismo e á Xunta de Goberno Local do grao de cumprimento do previsto na Ordenanza”.*

I.3. En cumprimento do ordenado nesa Resolución e a partir da información recabada durante este período, no que se presentaron arredor de 11.111 informes de ITE, procedeuse pola xefatura deste Servizo a elaborar o «INFORME SOBRE O GRAO DE CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DA ITE DO CONCELLO DE VIGO (2006-2009)», co que se pretende plasmar e dar a coñecer o grao de execución da norma municipal e que, no sucesivo, procurárase que teña carácter anual.

### INFORME ITE (2006-2009): PRINCIPAIS CONTIDOS

II.1. O informe sobre o grao de cumprimento da Ordenanza da ITE, pechado a 31 de marzo de 2009, estrutúrase en catro grandes apartados: en primeiro lugar, realízase unha breve explicación sobre a propia ITE, lembrando o seu fundamento legal (Art. 200 LOUGA) e a obriga que se impón aos propietarios, sexan persoas físicas ou xurídicas, de encargar a un facultativo competente a realización da inspección periódica das súas edificacións (vivendas, oficinas, naves...) para determinar o estado de conservación en función da súa antigüidade.

II.2. En segundo lugar, realízase unha análise pormenorizada do grao de cumprimento da Ordenanza nos catro primeiros anos de implantación (2006-2009), nos que se acadaron unhas elevadas porcentaxes de execución. Saliéntase tamén que máis dun 80% das ITES presentadas foron favorables, o que denota, en termos xerais, un estado de conservación das edificacións en Vigo moi aceptable. Ademais, a porcentaxe de informes favorables vaise incrementando gradualmente conforme diminúe a antigüidade das edificacións. Así, ata 1939 o número de informes favorables acada o 80 – 85% do total e nas décadas de 1940 e 1950 elévase ao 88 e 94% respectivamente.

II.3. O terceiro apartado refírese á validación dos informes de ITE e o cuarto céntrase na implementación e avaliación da «Ordenanza reguladora das bases polas que se regula o outorgamento de axudas aos propietarios que carezan de recursos suficientes para a realización da inspección técnica de edificacións» (BOP nº 104, do 30.05.2008; DOG nº 121, do 24.06.2008). Neste apartado resúmese o estado de tramitación das solicitudes de subvención presentadas nas convocatorias dos anos 2008 e 2009.

Deuse tamén así cumprimento á previsión contida na Disposición adicional terceira da Ordenanza, onde se prevía que o Concello podería establecer, de acordo coas súas disponibilidades orzamentarias, un réxime de subvencións do que resultarían beneficiarios os propietarios que acreditasen fidedignamente a carencia de recursos económicos suficientes para sufragar o custo das inspeccións técnicas.

### III. PROPOSTA

Visto o que antecede e a normativa de aplicación, propónse ó Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo e á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo a adopción do seguinte,

“ACORDO



*Tomar coñecemento do «INFORME SOBRE O GRAO DE CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DA ITE DO CONCELLO DE VIGO (2006-2009)», elaborado pola xefatura do Servizo de ITE da Xerencia Municipal de Urbanismo en cumprimento do disposto na Resolución de delegación de funcións da Alcaldía–Presidencia do 05.07.2007”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda tomar coñecemento do «INFORME SOBRE O GRAO DE CUMPRIMENTO DA ORDENANZA DA ITE DO CONCELLO DE VIGO (2006-2009)», elaborado pola xefatura do Servizo de ITE da Xerencia Municipal de Urbanismo en cumprimento do disposto na Resolución de delegación de funcións da Alcaldía–Presidencia do 05.07.2007, que consta no expediente.

#### **23(831).- RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2010. EXPTE. 4400/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 7.05.10, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe dos Servizos Centrais da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

*O Pleno, en sesión de 9 de abril de 2010, aprobou definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo (BOP de 16 de abril de 2010). Integrando este Orzamento, o da Xerencia Municipal de Urbanismo, como Organismo Autónomo, presenta un cadro de persoal integrado por 91 prazas de funcionarios e 1 de xerente como persoal eventual de confianza.*

*Das 91 prazas de funcionarios 14 proveñen do cadro de persoal do Concello, estando 10 de elas vacantes, que se suman as 12 que non se cubriron na Oferta de Emprego Pública 2009 (totalizando un total de 22 prazas vacantes).*

*A vixente relación de postos de traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de setembro de 2009 e foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de 30 de outubro de 2009. Procede neste momento, unha vez aprobado o Orzamento para o exercicio 2010, modificar a relación de postos de traballo cun dobre obxectivo:*

- 1) *Reflectir a situación de “provistos” de aqueles postos que foron dotados a través da oferta de emprego público 2009: 26 postos dotados (quedando, como se sinalou, 12 pendentes de dotar).*
- 2) *Integrar as 14 prazas provintes do cadro de persoal do Concello, creando os postos correspondentes no organigrama da Xerencia. As prazas provintes do Concello son as correspondentes ós seguintes postos:*
  1. *Xefatura do departamento de Intervención Urbanística.*
  2. *Xefatura do Servizo de Vivenda e PMS.*
  3. *Un arquitecto.*
  4. *Un técnico de administración xeral.*
  5. *Un enxeñeiro técnico de obras públicas.*
  6. *Unha xefatura de negociado.*
  7. *Un administrativo.*



II) SECRETARIA (406)													
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS	
406.01	Xefe Asesoramento Xurídico	1	28	6	S	LD	A1	AX	TS	6	P		
406.03	Auxiliar Administrativo	1	166	6	N	C	C2	AX	AU	4	P		
II.1) SECCIÓN: ARQUIVO (436)													
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS	
436.01	Arquiveiro	1	25	17	S	C	A2	AE	TM	2	P		
II.2) SECCIÓN: REXISTRO E CONTROL (424)													
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS	
424.01	Administrativo	2	19	316	N	C	C1	AX	SA	3	P		
424.02	Auxiliar Administrativo	2	166	6	N	C	C2	AX	AU	4	V	2 vacantes 2010	
	Subtotal =	9											
III. SERVICIOS CENTRAIS (407)													
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS	
407.01	Xefe Servicios Centrais	1	28	6	S	LD	A1	AE/A/X	TS	1	P		
III.1) SECCIÓN SERVICIOS ECONÓMICOS													
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS	
407.02	Técnico Tesourería/Xestión ingresos	1	25	17	N	C	A2	AE	TM	2	P		
407.03	Administrativo	1	19	316	N	C	C1	AX	SA	3	P		
407.04	Auxiliar administrativo	1	166	6	N	C	C2	AX	AU	4	P		
III.2) SECCIÓN: PERSOAL E CONTRATACIÓN (405)													



CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
421.07	Técnico Admón. Xeral	1	26	11	N	C	A1	AX	TS	1	P	
421.08	Arquitecto	4	26	10	N	C	A1	AE	TS	1	P/V	2 vacantes 2010 (1 interino)
421.09	Arquitecto técnico	1	26	11	N	C	A2	AE	TM	2	P	
421.03	Xefe negociado	1	22	313	S	C	C1	AX	SA	3	T	
IV.2) SERVICIO: LICENZAS DE ACTIVIDADES (422)												
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
422.02	Técnico Admón. Xeral	2	26	11	N	C	A1	AX	TS	1	P	1 interino en praza reservada
422.03	Enxeñeiro Industrial	2	26	11	N	C	A1	AE	TS	46	V	2 vacantes 2010 (1 interino)
422.04	Enxeñeiro técnico industrial	1	26	11	N	C	A2	AE	TM	56	P	
IV.3) SERVICIO: BARRIOS HISTÓRICOS (426)												
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
426.02	Técnico Admon Xeral	1	26	11	N	C	A1	AX	TS	1	V	1 vacante 2010 (1 interino)
426.03	Arquitecto	3	26	10	N	C	A1	AE	TS	1	P/V	2 vacantes 2010 (1 interino)
	Subtotal =	27										
IV.4) SERVICIO: INFRACCIÓNS (423)												
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
423.02	Arquitecto	1	26	10	N	C	A1	AE	TS	1	P	
423.03	Técnico Admon Xeral	2	26	11	N	C	A1	AX	TS	1	P/V	1 vacante 2010
423.04	Arquitecto técnico	2	26	11	N	C	A2	AE	TM	2	V	2 vacantes 2010
422.04	Enxeñeiro técnico industrial	1	26	11	N	C	A2	AE	TM	56	V	1 vacante 2010
423.05	Xefe negociado	1	22	313	S	C	C1	AX	SA	3	V	1 vacante 2010
423.06	Administrativo	4	19	316	N	C	C1	AX	SA	3	P	

423.07	Auxiliar Administrativo	1	16	6	N	C	C2	AX	AU	4	P	
423.08	Inspector Urbanismo	6	18	31	N	C	C1	AE	TA	3	P	3 ocupadas por inspectores auxiliares

IV.5) SERVICIO: CONSERVACIÓN E ITE (428)

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
428.02	Técnico Admón Xeral	1	26	11	N	C	A1	AX	TS	1	P	
428.03	Arquitecto	1	26	10	N	C	A1	AE	TS	1	P	
428.04	Arquitecto técnico	1	26	11	N	C	A2	AE	TM	2	P	
428.05	Inspector Urbanismo	1	18	31	N	C	C1	AE	TA	3	P	
428.06	Administrativo	3	19	31	N	C	C1	AX	SA	3	P	
428.07	Auxiliar administrativo	1	16	16	N	C	C2	AX	AU	4	P	1 vacante 2010
	Subtotal =	26										

V) DEPARTAMENTO DE DESENVOLVEMENTO

V.1) SERVICIO: PLANEAMENTO E XESTIÓN (401-411-413)

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
401.03	Arquitecto	3	26	10	N	C	A1	AE	TS	1	P/V	1 vacante 2010
401.04	Técnico Medio Ambiente	1	26	11	N	C	A1	AE	TS	1	P	
401.05	Técnico Admón Xeral	3	26	11	N	C	A1	AX	TS	1	P/V	1 vacante 2010 + 1 reservada
401.06	Xefe de negociado planeam. e xest.	1	22	31	N	C	C1	AX	SA	3	T	
401.07	Administrativo	1	19	31	N	C	C1	AX	SA	3	P	
401.08	Auxiliar administrativo	1	16	16	N	C	C2	AX	AU	4	P	

V.2) SERVICIOS TÉCNICOS (403)

CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
-----	--------------------	-------	-----	-----	-----	----	---	------	-----------	------	-----	--------------

403.02	Auxiliar administrativo	1	16	6	N	C	C2	AX	AU	4	P	
V.2.1) URBANIZACIÓN E INFRAESTRUCTURAS (403)												
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
403.03	Xefe sección urbanizac. E infraest.	1	26	14	S	LD	A1/A2	AX/AE	TS/TM	01/02/10	P	
403.04	Enxeñeiro técnico Obras Públicas	1	26	11	N	C	A2	AE	TM	54	V	1 vacante 2010 (1 interino)
V.2.2) CARTOGRAFÍA (402)												
V.2.3) REDACCIÓN DE PROXECTOS E DIRECCIÓN DE OBRAS (410)												
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
410.01	Arquitecto	2	26	10	N	C	A1	AE	TS	1	P	
V.3) SERVIZO: VIVENDA E PMS												
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT X	C D	C E	T P	FP	G	ES C	CP/SBE/CL	TIT.	SIT	OBSERVACIÓNS
433.01	Xefe de Servizo Vivenda e PMS	1	28	6	N	C	A1	AE	TS	1	V	1 vacante 2010
433.02	Arquitecto	1	26	10	N	C	A1	AE	TS	1	V	1 vacante 2010
433.03	Administrativo	1	19	316	N	C	C1	AX	SA	3	V	1 vacante 2010

### ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### 24(832).- SANCIÓN DISCIPLINARIA A FUNCIONARIO DE CARREIRA DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33981/212.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta, do 27.10.10, asinado polo instrutor e o secretario do procedemento disciplinario, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Impoñer ao funcionario de carreira con posto de traballo de Policía Local, D. Martín Rial Eiras, a sanción disciplinaria consistente en perda de 15 días de remuneración con igual período de suspensión de funcións, pola comisión dunha infracción disciplinaria moi grave de “insubordinación individual ou colectiva respecto das autoridades ou mandos de que dependan, así como a desobediencia ás lexítimas instrucións dadas por aqueles”, verificada os días 19, 20, 21, 22 e 30 de marzo, e 1, 6, 7 8, 9, 10 e 11 de abril, todos de 2009 ao auto encomedarse a prestación do servizo no Museo de Castrelos, desobedecendo as ordes expresas de prestalo noutros postos dos pertencentes a súa sección de Seguridade do Patrimonio.

2º.- Da citada sanción descontarase no seu caso o tempo efectivo de suspensión de funcións acordado cautelarmente no acordo da XGL de 27 de maio de 2009 e alzado pola propia XGL o 08 de xuño seguinte.

**25(833).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e oito minutos. Como secretaria dou fe.

me/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.